

I.- Etimoloxía:

Ven do grego psyché: mente, alma+ logos fala, tratado de: teoría da mente. Trata de feitos que ocorren a nivel mental ou emocional.

II.- Definición:

É unha ciencia natural pero tamén social. Busca comprender a vida interior do ser humano e como interacciona co mundo: amor, traballo, empresa, deporte, arte etc. Abarca todos os aspectos da experiencia humana.

III.- É unha ciencia?

Como ciencia independente da Filosofía apareceu no século XIX 1879 cando o alemán Wilhelm Wundt fundou o primeiro laboratorio de psicoloxía. Para ser ciencia un coñecemento debe aplicar aos feitos o método científico. Hai autores que cuestionan que a psicoloxía sexa unha ciencia, 1º porque o seu obxecto de estudo é excesivamente amplo e difícil de someter á estricta comprobación empírica, 2 e porque moitos fenómenos psíquicos teñen natureza introspectiva non observable: pensamento, intelixencia, motivación, actitudes. Pero actualmente a maioría de autores considerana como ciencia, porque investiga utilizando o método científico.

IV.- O MÉTODO CIENTÍFICO: é o método hipotético-deductivo. Método (gr. meta+hodos: camiño seguro para chegar máis aló) é un proceso estruturado, un conxunto de regras que permite seguir un procedemento ordenado para acadar unha meta. O primeiro en utilizar o método hipotético-deductivo foi Galileo.

Pasos:

- 1.- OBSERVACIÓN: Observación dos datos
- 2.- HIPÓTESE: Establecemento dunha hipótese que poida explicar eses datos.
- 3.- DEDUCCIÓN: da hipótese dedúcense conclusións capaces de ser verificadas experimentalmente..
- 4.- VERIFICACIÓN/EXPERIMENTACIÓN: Estas conclusións deben ser verificadas experimentalmente.

Exemplo: Caso do SIDA

- Observamos os enfermos de Sida e vemos que o seu sistema inmunitario non funciona. O Sida é un "síndrome de inmunodeficiencia adquirida".

-Hipótese: O axente causante do sida provoca un deterioro inmunitario.

- Deducción: O axente causante do sida destrúe os linfocitos e isto provoca o deterioro do sistema inmunitario.

- Verificación/experimentación: faríamos experimentos no laboratorio para ver se a nosa hipótese pode ser verdadeira.

O último paso do método: a contrastación experimental das hipóteses pódese levar a cabo de dúas maneiras:

- A) MEDIANTE MÉTODOS NON EXPERIMENTALES: como a observación sistemática e o método correlacional (análise estadística) . Estes métodos non estudian o fenómeno nun laboratorio, senón só o fenómeno tal e como se produce de xeito natural, sen manipular ningunha variable. O problema é que o investigador non

controla ningunha variable que poida influir no resultado da súa investigación, así que o fenómeno tamén podería ser causado por algunha variable non controlada.

- O exemplo histórico clásico de **observación sistemática**: a teoría evolucionista de Charles **Darwin**: observou as diferentes especies animais e súa adaptación ao medio ambiente, e chegou á conclusión, de que sobreviven os mellor adaptados, pero non fixo experimentos de laboratorio que verificasen a súa hipótese, porque a evolución das especies ocorre ao cabo de miles ou millóns de anos.
- No **método correlacional** ocorre algo semellante: aplicamos unha análise estadística a un conxunto de datos seleccionados, para ver se hai correlación entre eles. Por exemplo: o COVID19 : a estadística dinos que afecta máis a maiores de 60 anos e menos aos xóvenes, ou a persoas con patoloxías previas. Pero esta correlación **non nos dí cal é a causa e cal é o efecto** e o investigador tampouco exerce o control sobre as variables obxecto de estudo. Podería ser que unha das variables non controladas sexa a causa da enfermidade: por exemplo a herencia xenética. Por iso para conseguir unha vacina precísanse estudos moito máis detallados feitos no laboratorio para controlar todas as variables.

B) MEDIANTE MÉTODOS EXPERIMENTALES

Son os únicos que permiten **establecer a relación de causa-efecto**. O investigador realiza experimentos no laboratorio para poñer a proba a hipótese sobre as relacións entre dous tipos de variables: a variable independente e a variable dependente.

EXEMPLO: se queremos comprobar a relación entre a **variable dependente (cancro)** e o **tabaco (variable independente)**, podemos inyectar diferentes dosis de nicotina (variable independente) en ratas de laboratorio. Transcorrido un tempo comprobamos os efectos (variable dependente). Durante o experimento debemos controlar as variables estranas que poidan estar influenciando no resultado da investigación. Se comprobamos que a maioría das ratas inyectadas con nicotina desenvolven un cancro, podemos concluir con bastante probabilidade que a nicotina é causa do cancro (efecto).

Grupo experimental e Grupo de control: En todo experimento científico ben deseñado debe haber un grupo experimental ao que se lle aplica o novo tratamento que pretendemos comprobar experimentalmente e un grupo de control ao que non se lle aplica o tratamento pero que serve para comparar os resultados do grupo experimental e para ver se hai variables estranas que inflúen no resultado do experimento. Exemplo: a un grupo experimental de enfermos dásele o novo tratamento hipertensivo e ao grupo de control só un placebo. O investigador pode así ir manipulando distintas variables, e ver se hai variables estranas que inflúen no aumento da tensión arterial do grupo de control.

PROBLEMA DESTES MÉTODOS NA PSICOLOXÍA

Pero no caso da psicoloxía aplicar estes métodos é moito máis difícil que nas ciencias puramente naturais.

A) Por exemplo, **cuestións de tipo ético** impiden realizar investigacións coa riguroxidade que esixiría o método experimental (Ex. someter a privación afectiva a un grupo de nenos para estudar as consecuencias no seu comportamento adulto).

B) Na investigación psicolóxica estúdiase un amplo repertorio de **comportamentos que non son directamente observables**: pensamento, memoria, emocións etc., e isto dificulta a súa medición.

C) Moitos aspectos do comportamento son privados de cada individuo e por iso aparece a **subxectividade na observación**, por depender da percepción e interpretación que fai cada individuo: no é unha observación obxectiva e directa, senón subxectiva e indirecta.

D) O comportamento dos individuos tende a modificarse cando son observados: fenómeno da **reactividade**.

V.- ESCOLAS DA PSICOLOXÍA

5.1.- ESTRUCTURALISMO: Wundt, Titchener

5.2.- FUNCIONALISMO: James e Dewey

5.3.- A GESTALT: Max Wertheimer, Kurt Koffka, Wolfgang Köhler

5.4.- A PSICANÁLISE: Freud e os seus seguidores. Críticas.

5.5.- TÉCNICAS PROXECTIVAS BASEADAS NA PSICANÁLISE: Rorschach, Murray

5.6.- A REFLEXOLOXÍA RUSA: PRECEDENTE DO CONDUCTISMO: Ivan M. Sechenov, Ivan P. Pavlov, Vladimir M. Bechterev.

5.7.- O CONDUCTISMO:

A) O conductismo clásico: Watson, Pavlov

B) Neoconductismo ou operante: Thorndike, Skinner

5.8.- A PSICOLOXÍA COGNITIVA: Piaget, Simon (Metáfora do ordenador), Bruner, Miller, Chomsky. Críticas

5.9.- O PSICODRAMA: J.L. Moreno

5.10.- A PSICOLOXÍA SISTÉMICA: Bertalanffy, Wiener, Rosenbluth, Watzlawick, Bowen, Ackerman

5.11.- A PSICOLOXÍA HUMANISTA: Maslow, Rogers

5.12.- A PSICOLOXÍA CULTURAL: Vygotsky, Bruner,

5.13.- PSICOLOXÍA APLICADA: Diversos campos da súa aplicación.

- Clínica
- Educativa
- Infantil e xuvenil
- laboral (traballo e organizacións)
- Comunitaria
- De emerxencias
- Forense
- etc.

TRABALLO: EXPOSICIÓN EN POWER POINT

Cada alumno deberá escoller un dos puntos deste documento. Buscará en internet información detallada do punto elixido e confeccionará un power point sobre este punto para facer unha exposición diante da clase nesta primeira avaliación.

EXERCICIOS TEMA 1: DA INTRODUCCIÓN E ESCOLAS PSICOLÓXICAS

- 1.- Como se define a psicoloxía?
- 2.- Explica razoadamente por qué a psicoloxía é unha ciencia natural e social ao mesmo tempo.
- 3.- Se tiveras que defender que a psicoloxía é unha ciencia ante unha persoa escéptica ¿como o farías? Elabora un breve discurso no que expoñas os teus argumentos.
- 4.- Cales son os pasos do método científico?
- 5.- Cales son as diferencias entre experimento e observación? (px15 libro)
- 6.- Por que presenta problemas a aplicación do método científico á psicoloxía?
- 7.- Que diferenza hai entre os métodos de comprobación experimentais e non experimentais (observación sistemática e correlacional). Cales son os máis fiables e por qué?
- 8.- Nomea algunha das escolas psicolóxicas máis importantes.